

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O  
DÍA 30 DE XULLO DE 2015**

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño (A Coruña) ás 14:30 horas do día 30 de xullo de 2015, baixo a Presidencia do Sr. alcalde don Ricardo Alejandro Matías Sánchez Oroza, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno municipal co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día da data.

**SRES.CONCELLEIROS PRESENTES.-**

DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO (PSdeG - PSOE)  
DONA MARÍA CATALINA MORADO FARIÑA (PSdeG - PSOE)  
DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSdeG - PSOE)  
DON AGUSTÍN SANZ HORCAJO (PSdeG - PSOE)  
DONA MARINA VARELA LAGE (PSdeG - PSOE)  
DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)  
DONA JOSEFINA ROMEU PÉREZ (PP)  
DON JOSÉ AGUSTIN ANDRÉS ANDRÉS (PP)  
DONA ANA ISABEL PICOS FREIJOMIL (PP)  
DON ANTONIO DOCE LOURIDO (PP)  
DON JOSÉ PAZ CASAL (PP)

**SRES.CONCELLEIROS AUSENTES.-**

DON MOISÉS DOPICO LONGUEIRA (PSdeG - PSOE)

**SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-**

DONA ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

**SR. INTERVENTOR MUNICIPAL.-**

DON FRANCISCO JAVIER ULLOA ARIAS

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

**1º.- ADHESIÓN AL CONVENIO MARCO ENTRE LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO Y LA XUNTA DE GALICIA PARA LA IMPLANTACIÓN DE UNA RED DE OFICINAS INTEGRADAS DE ATENCIÓN AL CIUDADANO EN EL ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA, DE FECHA 26.06.2015.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

"Visto el escrito remitido por la Dirección General de Administración Local en el que se pone de manifiesto que la Administración General del Estado y la Xunta de Galicia tienen previsto firmar un nuevo convenio marco con la finalidad de dar continuidad a la prestación de los servicios ofrecidos a través de la red de oficinas integradas de atención a la ciudadanía.

Visto cuanto antecede esta Alcaldía propone al pleno municipal la adopción del siguiente acuerdo:

1º.- Solicitar la adhesión al Convenio Marco entre la Administración General del Estado y la Xunta de Galicia para la implantación de una red de Oficinas Integradas de atención al ciudadano en el ámbito territorial de Galicia, de fecha 26.06.2015, que se publicará en el Boletín Oficial del Estado y en el Diario Oficial de Galicia, suscrito entre la Administración General del Estado y la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia para la implantación de una red de espacios comunes de atención al ciudadano en el ámbito territorial de Galicia.

2º.- Manifestar que la voluntad del Ayuntamiento de Miño es adherirse expresamente a todas y cada una de las Cláusulas del Convenio Marco mencionado, asumiendo las obligaciones derivadas del mismo y con sujeción a todas sus cláusulas.

3º.- La prestación de servicios por parte del Ayuntamiento de Miño se articulará a través de una Oficina Integrada de atención al ciudadano que en el presente caso será oficina de contacto para la prestación de servicios de nivel primario consistentes en recepción, registro y remisión de comunicaciones del ciudadano."

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que se celebrou o día 24 de xullo de 2015, na que tiveron lugar as seguintes intervencións:

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que este convenio se asinou no 2007, prorrogouse no 2011 e agora vólvese a ampliar, e pregunta en que varía.

A Sra. secretaria expón que antes non podíamos recoller documentación para remitir a outros concellos, e agora o convenio nos vai habilitar para recibir os escritos que se teñan que presentar en concellos que estean adheridos ao mesmo.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que no 2007 se asinara un convenio coa Axencia Tributaria, e pregunta se ten que ver con isto.

A Sra. secretaria responde que ese convenio é só para comprobar se se está ao corrente coa seguridade social e con Facenda. E tamén temos un convenio para tramitar dende aquí os cambios nos permisos de circulación.

A continuación sométese á votación co seguinte resultado: 7 votos a favor do Grupo Mixto e do PP e 6 abstencións do PSOE, polo que a "Adhesión al convenio marco entre la Administración General del Estado y la Xunta de Galicia para la implantación de una red de oficinas integradas de atención al ciudadano en el ámbito territorial de Galicia, de fecha 26.06.2015" queda ditaminada favorablemente por maioría absoluta dos concelleiros integrantes da mesma.

A continuación ábrese na sesión plenaria a rolda de intervencións:

O Sr. alcalde pregunta aos Sres. concelleiros se teñen algunha dúbida.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que están de acordo con que se aprobe este punto, e que xa o debateron o outro día na comisión de asuntos xerais, e que lles parece ben que se faga esta adhesión.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da proposta de acordo co seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta dos concelleiros:

1º.- Solicitar la adhesión al Convenio Marco entre la Administración General del Estado y la Xunta de Galicia para la implantación de una red de Oficinas Integradas de atención al ciudadano en el ámbito territorial de Galicia, de fecha 26.06.2015, que se publicará en el Boletín Oficial del Estado y en el Diario Oficial de Galicia, suscrito entre la Administración General del Estado y la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia para la implantación de una red de espacios comunes de atención al ciudadano en el ámbito territorial de Galicia.

2º.- Manifestar que la voluntad del Ayuntamiento de Miño es adherirse expresamente a todas y cada una de las Cláusulas del Convenio Marco mencionado, asumiendo las obligaciones derivadas del mismo y con sujeción a todas sus cláusulas.

3º.- La prestación de servicios por parte del Ayuntamiento de Miño se articulará a través de una Oficina Integrada de atención al ciudadano que en el presente caso será oficina de contacto para la prestación de servicios de nivel primario consistentes en recepción, registro y remisión de comunicaciones del ciudadano."

**2º.- ADHESIÓN A LA PLATAFORMA ELECTRÓNICA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN DENOMINADA «EMPRENDE EN 3» DE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS DEL MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS, PREVISTA EN EL ACUERDO DE CONSEJO DE MINISTROS DE 24 DE MAYO DE 2013.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

"Vista la Resolución de 31 de mayo de 2013, de la Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, por la que se establecen las condiciones de uso de la plataforma electrónica de intercambio de información denominada «Emprende en 3» de la Secretaría de Estado de Administraciones Públicas del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, prevista en el Acuerdo de Consejo de Ministros de 24 de mayo de 2013.

Visto cuanto antecede, esta Alcaldía propone al Pleno Municipal la adopción del siguiente acuerdo:

DECLARAR que el Pleno Municipal conoce y acepta las «condiciones de uso» de la plataforma, aprobadas por Resolución de 31 de mayo de 2013, de la citada Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, y en consecuencia:

1. Aceptará y utilizará el Modelo de Declaración Responsable adjunto como anexo a las mencionadas «condiciones de uso», de conformidad con las previsiones de las Leyes 12/2012, de 26 de diciembre, de medidas urgentes de liberalización del comercio y de determinados servicios, así como sus sucesivas modificaciones.
2. No solicitará ninguna otra documentación que la mencionada en el apartado anterior de este documento.
3. Adaptar su normativa propia al nuevo marco jurídico establecidos por la Ley 12/2012, a cuyo efecto se pondrá a su disposición la Ordenanza Tipo prevista y adoptada de acuerdo con la disposición adicional primera número 2 de la misma, así como a sus sucesivas modificaciones.
4. Mantendrá permanentemente actualizada la información a la que se refiere el punto 6 de las condiciones de uso de la plataforma, en la sección de adhesiones de la misma.
5. Hará un uso responsable de la plataforma de acuerdo con la normativa de protección de datos de carácter personal, especialmente advirtiendo a los usuarios de la citada plataforma de que sus datos serán cedidos estrictamente para el trámite de su solicitud salvo manifestación expresa en contrario."

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que se celebrou o día 24 de xullo de 2015, na que tiveron lugar as seguintes intervencións:

A Sra. secretaria expón que esta adhesión é un requisito para poder adherirnos ao fondo estatal. E que consiste en que a cidadanía pode presentar no portelo as declaracións responsables para o exercicio dunha actividade.

O Sr. alcalde pregunta que normativa hai que adaptar. E a que se refire a ordenanza tipo.

A Sra. secretaria responde que aquí non se fixo unha nova ordenanza pero que si se adaptou a ordenanza fiscal existente para o cobro das taxas, pero non hai aprobada ningunha ordenanza.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que cre que na disposición xa recolle que hai que facer unha ordenanza, e na proposta da alcaldía recolle "Adaptar su normativa propia al nuevo marco jurídico establecidos por la Ley 12/2012, a cuyo efecto se pondrá a su disposición la Ordenanza Tipo prevista". E que cre que para que isto non quede coxo hai que facer a ordenanza. Pregunta se esta plataforma se vai utilizar como un acto comunicado, é dicir, unha vez que o cidadán queira dar de alta a súa actividade, carga os datos e automaticamente queda como un acto comunicado ou ten que haber unha licenza.

A Sra. secretaria responde nós aquí o que facemos é unha resolución expresa na que se establece que a documentación está completa, porque a xente lle gusta ter o papel, pero que non é obrigatorio.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se o señor presenta a solicitud na páxina web, e unha vez feito isto ten dereito a iniciar a actividade.

A Sra. secretaria responde que ten que agardar quince días, porque é o tempo que ten o concello para verificar que todo está ben e facer a visita de inspección.

A continuación sométese á votación co seguinte resultado: 7 votos a favor do Grupo Mixto e do PP e 6 abstencións do PSOE, polo que a "Adhesión a la plataforma electrónica de intercambio de información denominada «Emprende en 3» de la Secretaría de Estado de Administraciones Públicas del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, prevista en el acuerdo de Consejo de Ministros de 24 de mayo de 2013" queda ditaminada favorablemente por maioría absoluta dos concelleiros integrantes da mesma.

A continuación ábrese na sesión plenaria a rolda de intervencións:

O Sr. alcalde pregunta aos Sres. concelleiros se teñen algunha dúbida.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo solicita que se aclare se esta resolución é do 31 de maio de 2013, por qué se tardou tanto tempo en traer ao pleno esta proposta; e tamén quería que se lle aclarase, por qué na comisión de asuntos xerais non quedou claro, se se vai facer a ordenanza tipo que se prevé na resolución do Ministerio de Facenda e logo tamén que o outro día na comisión se falaba que o cidadán unha vez que presentase esta solicitude a administración local ten quince días e que no punto 1.2.b da normativa di claramente que "a xestión da declaración responsable, incluíndo o pago de taxas e comunicacións pertinentes de conformidade coa normativa de aplicación no territorio do que se trata realizárase no prazo máximo de tres días", de feito é emprende 3, e que cre que se refire a tres días.

A Sra. secretaria aclara que a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia pon quince días hábiles.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que aquí esta normativa fala de tres días, e só o di para que non haxa confusión entre tres e quince, que non é demasiado relevante, pero que conviría que se aclarase este tema.

A Sra. secretaria expón que cre que non se trouxo antes ao pleno porque non é obrigatorio adherirse, pero que non o sabe.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se hai algún compromiso de facer a ordenanza.

A Sra. secretaria responde que ela o outro día na comisión entendeu que si se ía facer unha e traela a pleno para a súa aprobación entre todos.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que votan a favor deste punto coa condición de que se aprobe a ordenanza.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da proposta de acordo co seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta dos concelleiros:

DECLARAR que el Pleno Municipal conoce y acepta las «condiciones de uso» de la plataforma, aprobadas por Resolución de 31 de mayo de 2013, de la citada Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, y en consecuencia:

1. Aceptará y utilizará el Modelo de Declaración Responsable adjunto como anexo a las mencionadas «condiciones de uso», de conformidad con las previsiones de las Leyes 12/2012, de 26 de diciembre, de medidas urgentes de liberalización del comercio y de determinados servicios, así como sus sucesivas modificaciones.
2. No solicitará ninguna otra documentación que la mencionada en el apartado anterior de este documento.
3. Adaptar su normativa propia al nuevo marco jurídico establecidos por la Ley 12/2012, a cuyo efecto se pondrá a su disposición la Ordenanza Tipo prevista y adoptada de acuerdo con la disposición adicional primera número 2 de la misma, así como a sus sucesivas modificaciones.
4. Mantendrá permanentemente actualizada la información a la que se refiere el punto 6 de las condiciones de uso de la plataforma, en la sección de adhesiones de la misma.
5. Hará un uso responsable de la plataforma de acuerdo con la normativa de protección de datos de carácter personal, especialmente advirtiendo a los usuarios de

la citada plataforma de que sus datos serán cedidos estrictamente para el trámite de su solicitud salvo manifestación expresa en contrario."

**3º.- SOLICITUD DE ADHESIÓN AL FONDO DE IMPULSO ECONÓMICO DE 2015 REGULADO EN EL R.D. LEY 17/2014, DE 26 DE DICIEMBRE DE APLICACIÓN PARA LA PRESENTACIÓN POR MUNICIPIOS INCLUIDOS EN EL ART. 50 DEL MENCIONADO REAL DECRETO-LEY, PARA SENTENCIAS JUDICIALES FIRMES.**

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo solicítalle ao Sr. alcalde a palabra para facer unha cuestión de orde, xa que pola súa situación e en base ao disposto no artigo 76 da Lei reguladora das bases do réxime local e nos artigos 21 e 185 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, debido ao grao de parentesco que mantén con herdeiros de veciños afectados pola expropiación de terreos e outros bens para a execución do sector residencial-deportivo en Perbes e San Xoán de Vilanova, auséntase deste punto da orde do día para non participar na deliberación, votación, decisión e execución do asunto, e así evitar que a ningunha mente retorcida, con mala intención se lle ocorra citar causas de incompatibilidade sobre todo neste asunto que vén informado e avalado polos técnicos para cumprir unha sentenza xudicial firme e que polo tanto a decisión carece totalmente de marxe de discrecionalidade e impedir así que ninguén poida instar a nulidade do acordo aínda cando a súa intervención non sexa determinante para o mesmo e que polo tanto procede a ausentarse do pleno por estas causas que acaba de citar (aplausos do público).

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

"Iniciado el expediente para acogerse a las medidas que permiten acudir a la línea de crédito aprobada por Ley Orgánica 6/2015, de 12 de junio, de modificación de la Ley Orgánica 8/1980, de 22 de septiembre, de financiación de las Comunidades Autónomas y de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera para el pago de sentencias judiciales firmes y visto el informe de la intervención municipal de fecha 08 de julio de 2015, se da traslado al Pleno para la adopción del siguiente acuerdo:

**Primero:** Acogerse al Plan por importe máximo de 6.000.000,00 € como cantidad asumible por el ayuntamiento a devolver en 10 años.

**Segundo:** Aceptar las condiciones generales indicadas:

1. Adhesión automática al Punto general de entrada de facturas electrónicas de la Administración General del Estado de acuerdo con lo previsto en la Ley 25/2013, de 27 de diciembre, de impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas en el Sector Público. (actualmente ya adoptado)
2. Adhesión automática a la plataforma Emprende en 3 prevista en el Acuerdo del Consejo de Ministros para impulsar y agilizar los trámites para el inicio de la actividad empresarial de 24 de mayo de 2013. (actualmente ya adoptado)
3. Compromiso de dotar en el proyecto de presupuesto general del ejercicio 2016 el Fondo de Contingencia de ejecución presupuestaria, por una cuantía equivalente al 1 por ciento de sus gastos no financieros.

**Tercero:** Asumir que una vez que haya sido aprobado el plan de ajuste por acuerdo plenario e informado favorablemente por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, adaptado a las proyecciones que figuran en el Anexo I al informe de intervención, implica los siguientes acuerdos:

1. Compromiso expreso de adoptar las medidas previstas en el plan de ajuste para garantizar la estabilidad presupuestaria, límites de deuda y los plazos de pago a proveedores, por un periodo coincidente con el de amortización de la operación de endeudamiento concertada.
2. Compromiso expreso de remitir toda la información que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas considere necesaria para el seguimiento del cumplimiento de este plan de ajuste, así como cualquier otra información adicional que se considere precisa para garantizar el

cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria, los límites de deuda pública y las obligaciones de pago a proveedores.

**Cuarto:** Autorizar al interventor municipal para llevar a cabo el proceso telemático de esta solicitud."

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que se celebrou o día 13 de xullo de 2015, na que tiveron lugar as seguintes intervencións:

O Sr. alcalde expón que dada a importancia que ten o tema, considera que se debe deixar todos fóra do que é a axenda política e tentar chegar a unha solución de acordo entre todos e traballar para chegar a esa solución.

A Sra. secretaria expón que o alcalde lle pediu un informe sobre o deber de abstención dos concelleiros, que logo lle vai dar copia aos concelleiros, e o explica sucintamente que unha das causas de abstención nos procedementos é ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao e de afinidade ata o segundo con calquera dos interesados no procedemento é causa de abstención dos concelleiros en aplicación do artigo 28.2 da Lei 30/82, o concelleiro afectado deberá absterse de participar na deliberación, votación, decisión e execución do asunto comunicándollo ao presidente da corporación e debendo de abandonar o salón de sesións a tal efecto, a non abstención nos casos que proceda dará lugar á responsabilidade, que é unha responsabilidade persoal, e a actuación dun concelleiro que deberá absterse porque concorren os motivos para iso non implica necesariamente...

Polo PSOE a Sra. Emma González Álvarez expón que o que leu a Sra. secretaria son causas de abstencións que están reguladas en xenérico, pero que esta é unha sentenza firme de execución obrigatoria, e que son cousas diferentes.

A Sra. secretaria expón que a súa opinión persoal, que pode estar equivocada, é que efectivamente cando se trata de representantes de corporacións locais que se están facendo excepcións e suavizando o tema, por exemplo, antes aquí nos abstínhamos en dedicacións exclusivas e xa hai sentenzas que din que non é necesario que a persoa afectada se absteña, e en caso de plans parciais ou xerais tampouco é necesario absterse.

Polo PSOE a Sra. Emma González Álvarez expón que aquí estamos a falar dunha sentenza firme executiva, e que con independencia de que el se absteña, hai que cumprir a sentenza.

A Sra. secretaria aclara que estamos a falar de solicitar un crédito para facer fronte ao pago dun diñeiro para pagar unha sentenza, e ante a falta de casuística similar que cre que é máis prudente absterse.

O Sr. interventor explica o informe dicindo que nos atopamos ante unha sentenza executiva polo montante de aproximadamente 21.000.000 €; que no BOE do 13 de xullo abren unha liña de crédito ICO coa participación do Estado no cal establecen a posibilidade que para o pago de sentenzas xudiciais firmes os concellos se acollan a este fondo. Analízase un pouco a capacidade nas condicións nas que nos dan o diñeiro, porque é un préstamo de doce anos, dous de carencia e dez de principal, contando cos fondos que ten o concello a día de hoxe, cos axustes que se poden facer vía gastos, pódese acudir a unha operación de crédito. Que non todos os ingresos que ten o concello poden ser utilizados para o pago de sentenzas, por exemplo as taxas son para pagar os servizos correspondentes, ou subvencións finalistas están para pagar cousas concretas, e logo unha serie de gastos que son obrigatorios, pago das nóminas ou dos servizos que se consideran como básicos para un concello de 5.000 habitantes, despois da reforma da lei de sostibilidade, e logo gastos que a día de hoxe están comprometidos, tendo en conta isto e indo aos gastos dos que se poden prescindir politicamente, porque un interventor pode aconsellar pero non pode dicirle a un alcalde ou a un pleno o que ten que facer, pode aconsellar ou informar pero nunca decidir. Logo na parte dos ingresos, que el como interventor a día de hoxe a ve como máis delicada porque hai ingresos de dous tipos, os que proceden do concurso de FADESA, onde estamos personados na liquidación de FADESA, na que nos correspondería unha cantidade que evidentemente ten que ser dada aos expropiados

porque lles corresponden a eles; tamén a materialización das garantías que temos afectas no ámbito, que son as parcelas para o uso comercial, para a gasoleira... e cando se materialice o ingreso por esas parcelas ten que ir para os expropiados.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña pregunta se estes ingresos que irían directamente para os expropiados xa serían restando da débeda.

O Sr. interventor responde que si, e que a día de hoxe temos que ver nesta operación cal é o tope máximo que nos podemos solicitar, e que entende que eses ingresos serían a maiores dos 6.000.000 euros. Logo outra actuación sería tocar os ingresos, e que el entende que o aumento de taxas ou tipos impositivos pode ter un efecto nocivo na recadación, por exemplo neste concello hai un gran número de segundas vivendas e moitos deles teñen aquí empadroados os vehículos, porque lles sae máis barato aquí que no concello da súa primeira vivenda, se nos subimos o imposto dos vehículos ao máximo pode suceder que esas persoas empadroen o vehículo na súa primeira vivenda. E que antes de proceder á suba de taxas hai que facer unha reforma fiscal completa, sentarse e buscar solucións para que non produzan este efecto nocivo ou unha baixada de recadación, e que baixo o seu punto de vista é mellor primeiro pedir o crédito, rematar o concurso de FADESA e logo ver sabendo a cantidade de diñeiro que se necesita facer a reforma fiscal. E que non se pode facer que a carga fiscal a leven só os veciños de Miño; e que se podería ir pola vía de recargos a vivendas deshabitadas, etc. e que esta sería a liña que habería que tomar. Que a día de hoxe temos un aforro aproximado de 400.000 euros e se imos prescindindo nestes dous anos de carencia das competencias impropias, por exemplo os temas de sanidade pasarllos á Xunta de Galicia. E temos estes dous anos para tentar axustar o noso orzamento a estes 6.000.000 e afrontar con eses 683.000 euros que temos de aforro o pago do crédito. E que estes son simulacións e que pode haber máis ou menos, e que cada ano habería que ir adaptándose.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña pregunta que pasaría se algún ano non se chega para pagar.

O Sr. interventor responde que habería que actuar por vía de gastos ou por vía de ingresos. E que a operación xusta sae o 16. E que entende que non penaliza. E que se non se puidera pagar habería que ir a unha operación puntual de tesourería. Pero que as cousas están calculadas de maneira prudente, e que ir a menos de seis é non ser francos cos expropiados e a máis de seis é non ser francos cos cidadáns, pensa que en seis está o equilibrio. E que pode haber un pequeno desfase no último ano de pago de Piñeiro, pero que se se prevé con anticipación que cre que se pode pagar.

O Sr. alcalde expón que o Sr. interventor fala de trece etapas e que esta sería a primeira.

O Sr. interventor di que si, que esta sería a primeira etapa. E que facer fronte a un pago de 21.000.000 euros cun orzamento de 5.000.000 que é moi difícil. E que aquí evidentemente non se poden pedir 21.000.000 a 10 anos porque 2.100.000 non os podemos devolver, o que hai que facer é facer unha mostra de que imos ser rigorosos no pago dos 21.000.000 aos expropiados e sempre entendendo que non podemos facer loucuras como subir o IBI ou os vehículos ao máximo, como en Madrid ou Barcelona. E que un primeiro pago con estes 6.000.000; un segundo pago coa liquidación de Fadesa e un terceiro pago facendo a reforma fiscal completa, sería unha proposta moi ambiciosa tanto tecnicamente como politicamente. E que é unha visión súa, falada cos compañeiros, que entende que é realista.

O Sr. alcalde expón que o motivo do pleno é acollerse ao plan.

O Sr. interventor responde que si e que este implica unha serie de compromisos, que entende que esta operación ten que ser aprobada polo pleno porque excede do 10% dos recursos ordinarios, e que tamén ten que ser o pleno para destinar o 1% dos recursos ordinarios a un capítulo 5 de continxencias, que non é unha cantidade elevada pois serían uns 50.000 euros; que sería un dos compromisos do pleno e a adhesión á plataforma emprende 3 e ao FACE, que xa estamos inscritos, que é a facturación vía electrónica. Estes son os requisitos que se esixen a día de hoxe. E habería que agardar ao día 16 para ver se esixen un plan de axuste, e que de exilio iría na liña do informado pola súa parte.

O Sr. alcalde expón que se houbese algunha modificación na plataforma que tal vez sexa conveniente facer outra comisión.

O Sr. interventor expón que si a modificación é significativa, como por exemplo elaborar un plan de axuste, etc. si habería que traelo ao pleno, porque isto vai ter transcendencia orzamentaria para o Concello de Miño nos próximos dez anos.

Polo PP o Sr. Agustín Andrés Andrés pregunta canto diñeiro se estima que lle vai quedar ao concello para facer actuacións.

O Sr. interventor responde que se calcula que vai quedar para cubrir os servizos básicos (capítulo 2), para cubrir o capítulo 1 de persoal, os xuros de débeda das operacións que ten concertadas cos bancos a día de hoxe, poden outorgar algunhas subvencións menores aos locais, etc., que sería similar ao que temos actualmente pero un pouco máis modesto.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña expón que eles entenden que os técnicos fixeron ben o seu traballo.

O Sr. interventor expón que é un traballo de varios compañeiros, secretaria, tesoureiros, lago, etc. e que se poderían poñer menos para ter máis cartos para o concello pero hai que demostrarlle aos expropiados que a vontade do concello é ir ao máximo, senón vai ser imposible o acordo con eles.

A continuación sométese á votación co seguinte resultado: 11 votos a favor do Grupo Mixto, do PSOE e do PP, polo que a proposta de "Solicitud de adhesión al fondo de impulso económica de 2015 regulado en el R.D. Ley 17/2014, de 26 de diciembre de aplicación para la presentación por municipios incluidos en el art. 50 del mencionado real decreto-ley, para sentencias judiciales firmes" queda ditaminada favorablemente por maioría absoluta dos concelleiros integrantes da mesma.

A continuación ábrese na sesión plenaria a rolda de intervencións:

O Sr. interventor expón que este tema xa se tratou na comisión, pero como as comisións son a porta pechada, e no pleno hai público, que vai explicar un pouco o punto. O primeiro tema é explicar porqué se chegou á conclusión de 6.000.000 e non a ningunha outra cantidade; que non é unha cantidade aleatoria senón que é unha cantidade que vén motivada por un estudo económico que se fixo por parte dos servizos económicos municipais e que é o máximo que a día de hoxe pode asumir o concello a devolver nos prazos que nos ofrece este plan de pago de sentenzas xudiciais firmes, que ofrece un escenario de devolución de dous anos de carencia, máis dez anos de devolución do principal. E houbo que estudar cales son os recursos non afectos a día de hoxe do orzamento municipal para poder facer fronte a estas cotas de amortización. O Concello ten un orzamento duns 5.300.000 € en liquidación, evidentemente non se pode usar todo este diñeiro para pagar aos expropiados porque dentro destes ingresos hai algúns que están afectos, non se poden utilizar subvencións finalistas como poden ser para realizar obras, POS, plan concertado para pagar aos expropiados porque están condicionadas a un gasto determinado; tampouco se pode usar o diñeiro das taxas que se están a cobrar porque o cobro das taxas ou dos prezos públicos veñen vinculados á prestación dun servizo, polo tanto non se pode usar a taxa do lixo ou da auga para pagar aos expropiados; unha vez detraídos todos eses gastos, hai que detraer outros, despois da reforma da Constitución que se fixo hai uns anos, tamén os gastos financeiros que son prioritarios, as débedas cos bancos tamén teñen un cobro prioritario polo que tampouco se poden usar para o pago aos expropiados. No informe pódese comprobar que o que quedaría sería un diñeiro que serviría para pagar os gastos do concello, hai uns gastos que son obrigatorios porque son para o mantemento dos servizos básicos como son a iluminación pública, pavimentación das vías públicas, recollida do lixo... son aqueles servizos que tras a reforma da lei de bases de réxime local no 2013 que se consideran básicos e obrigatorios para os concellos e de momento están comprometidos, que son o de persoal no capítulo I, e logo hai outra serie de gastos que son os recadatorios dos servizos da deputación, limpeza de oficinas municipais, aqueles seguros obrigatorios para un concello como é o de responsabilidade civil, mantementos de extintores, ascensores, fotocopiadora, combustibles dos vehículos, etc. Quedarían outros



servizos que serían a escola infantil e outros contratos como apertura e limpeza do campo de fútbol, conserxería, etc. Por outro lado quedarían as subvencións ás comisións de festas, emerxencias sociais, asociacións e outras subvencións vinculadas ao capítulo 7 para subvencións a actividades e festas populares, que van dende a feira da Cebola Chata, o San Ramón, entroido, nadal, etc. Unha vez detraído todo isto, atopámonos cun resto que sería de 400.000 euros, é dicir, que se podería pagar todo isto e ao concello aínda lle sobrarían 400.000 euros, tendo en conta tamén o pago dos ingresos indebidos dos 3.000.000 que foron ingresados no 2006 polo canon do monte Piñeiro e que estamos en proceso de devolución actualmente. Unha vez feito isto atopámonos cos 400.000 euros, pero podemos axustar máis os gastos e por un lado hai gastos de mantemento da administración que unificando contratos, etc. etc. se podería chegar a aforrar un 5% dese montante total; hai outros contratos que son competencias impropias da administración local actualmente e que cre que hai que facer un pequeno matiz para que non se espalle o pánico xeral, unha vez que se aprobou a Lei de sostibilidade no ano 2013 determinadas competencias que viñan exercendo os concellos por costume ou tradición se viñan exercendo como pode ser a gardería, gastos no centro de saúde ou nos colexios, etc. convértense en competencias impropias, é dicir, que teñen que ser asumidas pola Xunta, ou ben se se seguen exercendo polo concello o seu financiamento ten que ser dado pola Xunta aos concellos. Entón propónse que estas competencias se traspasen á comunidade autónoma, primeiro porque o di a lei e segundo porque se estableceu unha vacatio para a sanidade de cinco anos e na educación non, pero que se supón que os ten que ir asumindo a Xunta, e algúns gastos en materia de servizos sociais o 31/12/2014. E valorando un pouco as facturas doutros gastos como poden ser ocio e tempo libre e festas e tradicións populares que entende que si se pode chegar a un recorte do 40%. Todo isto na vía de gastos. Máis complicado e así está establecido no informe e considérao así, sería o aumento de ingresos, porque o aumento de taxas e de elementos impositivos ten un dobre risco, primeiro porque na actualidade estamos nun momento no que non se pode aumentar máis os impostos, pois máis que isto debería ser unha reforma do sistema fiscal e segundo que podemos atopar un efecto nocivo no aumento dos impostos e como exemplo dicir que o concello de Miño é un concello con moitas segundas vivendas e collendo por exemplo o imposto de vehículos a xente podería matriculalo na súa primeira vivenda ou en Miño, pois vai fuxir de matriculalo en Miño se os tipos impositivos en Miño son máis altos que os das grandes cidades, co cal aumentando os tipos impositivos podemos chegar a diminuír a recadación. O que interesa neste caso non é aumentar os impostos senón a recadación mediante outras fórmulas como poden ser as inspeccións fiscais ou outras medidas como poden ser a creación de novos tipos impositivos como foi no seu día a ORA na praia. E que entende que a vía non é unha subida lineal, senón un estudo profundo da situación para que non se repercuta nos cidadáns de Miño o pago aos expropiados. E que despois de todo este estudo a conclusión é que se podería concertar unha operación de 6.000.000 euros en dez anos coas medidas que se estableceron. E como xa dixo na comisión en todos os anos da súa profesión foi o informe máis difícil que tivo que asinar porque aquí se puñan en valor dous intereses lexítimos, o interese lexítimo dos expropiados en poder cobrar a débeda e o interese lexítimo da cidadanía de Miño en non ver repercutido o cobro desta débeda, entón aquí se tivo que afinar moito, tanto os servizos económicos aos cales ten que agradecer moito o traballo que fixeron tanto o tesoureiro, os técnicos, a secretaria... e que valoraron todas estas circunstancias.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña agradécelle ao Sr. interventor o seu informe e a explicación do mesmo; que seguro que non foi doado de facer, como o propio interventor recoñeceu, tanto polo seu significado como pola penosa situación económica na que se atopa o concello como que teñamos un goberno formado por unha soa persoa.

O Sr. alcalde pídelo por favor que se cinga ao tema, que é un convenio que hai que asinar de adhesión a un fondo de impulso económico.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña responde que está falando do tema.

O Sr. alcalde insiste en que se cinga ao tema.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña responde que se vai cinguir ao tema. Que hai anos que o grupo socialista leva advertindo de que o caso Fadesa, máis ben a xestión que fixeron os distintos gobernos durante os longos anos que leva durado este caso, traería graves e importantes consecuencias para Miño e os seus veciños e hai anos tamén que eses mesmos gobernos non só ignoraron estas advertencias e tamén as propostas do PSOE para amañar estas consecuencias e estes graves problemas que nos traen, senón que por riba chegaron a asegurar que nós eramos unhas persoas de mal agoiro e que propagabamos mentiras e que esas consecuencias nunca chegarían. Pois ben, hoxe estamos aquí no 2015 con 21 millóns de euros de débeda polo caso Fadesa ademais doutras débedas que acaba de explicar o interventor, e obrigados a tomar unha decisión moi dura e que vai significar que o Miño que coñecemos non vai voltar e aquí pídesenos que teñamos a responsabilidade como concelleiros na oposición, que non tiveron nin os concelleiros nin os alcaldes cando gobernaban e que nos levaron a esta situación. E que volvendo ao informe, e xa adianta que eles si son responsables, contéplanse distintas medidas para poder pagar este crédito de seis millóns que se propón pedir e esas distintas medidas posibles están baseadas en criterios técnicos pero vai ser unha decisión política a que decida que medidas se van tomar, dende logo eles teñen que preguntar cales serán e se serán suficientes para asegurar os pagos e o funcionamento normal do Concello de Miño nos vindeiros doce anos, e por último e tema que non derradeiro neste caso tan complicado na débeda de Fadesa, a débeda non son seis millóns senón vinte e un, e que hoxe tense pensado pedir seis pero son vinte e un entón que lles gustaría saber que se ten pensado para pagar o resto e como se vai executar, grazas (aplausos do público).

O Sr. alcalde expón que o informe de intervención dá resposta fundamentalmente á primeira posibilidade que hai de conseguir fondos a través deste fondo estatal, non obstante como di a Sra. Catalina a débeda é de 21 millóns e o resto forma parte de dous pasos seguintes que consistirán en que o concello ten unha parte dos avais se todos os que debería ter, e que haberán de executarse e formarán parte dun seguinte pago e por outra banda o concello tamén está tramitando para que sendo el o responsable subsidiario dos 21 millóns poida recuperar da liquidación de Fadesa o diñeiro que ten que achegar.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña pregunta que valor se calcula que teñen eses avais que se van executar.

O Sr. alcalde responde que os avais que existen son de 7 millóns.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña pregunta en que data eran 7 millóns.

O Sr. alcalde responde que son propiedades que haberá que executar, e que hai que ver cal é o valor real

Polo PSOE a Sra. Emma González Álvarez expón que son as garantías reais.

O Sr. alcalde continúa dicindo que as garantías reais será a capacidade que se teña de venderse ao prezo que haxa de mercado.

O Sr. alcalde continúa dicindo que as previsións son 3 millóns de euros, pero que iso forma parte dun plan de pagos que haberá que negociar cos expropiados. O dos seis millóns é a cifra máxima á que o concello pode aspirar e pagar nas actuais condicións.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña expón que iso o explicou moi ben o interventor, grazas.

O Sr. alcalde continúa dicindo que é por iso polo que agora se van pedir eses 6 millóns de euros, que se di pronto pero que son mil millóns de pesetas, por iso se presenta un primeiro pago de 6 millóns de euros.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña pide que lle responda á primeira pregunta.

O Sr. alcalde pregunta cal era a primeira pregunta.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña responde que medidas se van implementar para asegurar o pago.

O Sr. alcalde expón que o informe de intervención é unha proposta e como tal proposta, e antes de chegar a esta proposta analizouse a posibilidade de chegar a ter máis diñeiro en efectivo pero é inasumible no concello sen pensar en repercutilo nun aumento de impostos, e que entenderon que non tiñan porqué asumir semellante

custe social e xa que logo calculouse canto pode asumir o concello neses dez anos que dá esta plataforma a devolver. As medidas políticas determinarán cales van ser as prioridades no aforro que hai que facer para poder asumir este pago, en primeiro lugar estanse analizando todos aqueles gastos superfluos ou gastos que se poden reorientar de maneira de que se poidan contar cun mínimo de 100.000 euros só eliminando estes gastos; logo hai unha serie de contratos que se licitarán de maneira tal que permitirá ter un aforro e de ningunha maneira se tomarán medidas que impliquen a supresión dalgún tipo de servizo social ou de medidas deste tipo.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña expón que entón concretamente non as sabe aínda.

O Sr. alcalde responde que se está analizando.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña replica que non as sabe.

O Sr. alcalde insiste en que se está analizando. E que non é unha cuestión de mes ou mes e medio, que se está analizando.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que en primeiro lugar quere felicitar aos técnicos, ao interventor, á secretaria e ao tesoureiro; que el cre que hai un traballo ben feito e sensato e que el coñecendo os números e coñecendo os funcionarios cre que isto vai dar estabilidade ao concello no día a día e que non vai haber problemas e hai que dicir tamén que estamos sen goberno e que iso pode supoñer algunha variante (alboroto do público), o Sr. Veiga pide que o deixen falar.

O Sr. alcalde solicita que non interrompan.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín continúa dándolle as grazas ao interventor porque clarificou moi ben algo que estaba na rúa estes días e que preocupaba á xente como era a gardería e como era o tema da limpeza dos colexios, e díxoo moi claro o interventor ao explicar que hai unha nova lei de réxime local onde a gardería xa non é competencia municipal e haberá que facer xestións a nivel de Xunta para que a gardería pase a ser da Xunta, igual que a limpeza dos colexios e algúns servizos máis que tamén son competencias da Xunta. Iso vai supoñer tamén un aforro considerable no orzamento municipal. E deben seguir facendo xestións, porque como ben dicía o alcalde, temos unhas garantías e estamos personados na liquidación de Fadesa; que primeiro haberá que desenvolver isto e continuar con esas medidas que el cre que haberá que facer algunha xestión máis. E ten que dicir que cando el entrou de alcalde xa fixera dúas xestións a nivel de presidente da Deputación da Coruña e do presidente da Xunta, e que sempre se os criticou porque seguían coa liña xurídica que eran o que sempre lle asesoraban dende estas institucións, e Fadesa estaba aí, agora non que está liquidada, pero daquela tiña vida. Que sempre lles dixeron que seguían coa liña xurídica e despois chegado o momento, que é este momento, xa se verían as axudas. Por iso di que hai que seguir facendo xestións, que non sabe se o alcalde vai ser capaz ou non noutras administracións pero alguén terá que dicir e facer esas xestións para que se consiga o diñeiro que falta. Hoxe a verdade é que lle dá pena porque vai ser unha medida que vai tomar a decisión a oposición, que é un pouco anormal, pero é así, esta é a realidade e que cada un asuma a súa responsabilidade (comentarios do público).

O Sr. alcalde pide silencio e expón que a decisión a vai tomar a Alcaldía e buscará o consenso e o apoio, como hoxe, da oposición, que isto é así.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o Sr. alcalde é un do seu grupo e que aquí hai dous grupos que son maioritarios.

O Sr. alcalde expón que este non é o punto que se está discutindo. E procede á votación. E quería ao finalizar esta cuestión que hoxe comezamos a asumir desgrazadamente o pago de 21.000.000 euros (comentarios do público) e non van facelo sen insistir que aínda cando talvez non teña consecuencias xudiciais todo este desastre no que nos atopamos metidos, que si van seguir adiante coa auditoría do caso Fadesa para como mínimo coñecer e deslindar responsabilidade, e saber cales foron as persoas que nos puxeron nesta situación e en tal sentido non soamente están traballando xa para contratar esa auditoría senón tamén que no próximo pleno vaise propoñer a creación dunha comisión especial para que siga o caso Fadesa, non só en toda a información que se vaia tendo desa auditoría, senón tamén en todo o que teña

que ver coas consecuencias económicas e todas as decisións que haxa que tomar nesta materia.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín quere aclarar que aprobado o tema mandouse todo o expediente a fiscalía e que esta contestou que non había delito.

O Sr. alcalde responde que por iso está a dicir que se ben é probable que non haxa repercusións xurídicas que si os cidadáns de Miño teñen dereito a saber cales son os responsables desta situación, que ao menos teñan se non a condena xudicial, a condena social. Que se saiba con nome e apelido.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da proposta de acordo co seguinte resultado: 11 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta dos concelleiros:

**Primero:** Acogerse al Plan por importe máximo de 6.000.000,00 € como cantidad asumible por el ayuntamiento a devolver en 10 años.

**Segundo:** Aceptar las condiciones generales indicadas:

1. Adhesión automática al Punto general de entrada de facturas electrónicas de la Administración General del Estado de acuerdo con lo previsto en la Ley 25/2013, de 27 de diciembre, de impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas en el Sector Público. (actualmente ya adoptado)
2. Adhesión automática a la plataforma Emprende en 3 prevista en el Acuerdo del Consejo de Ministros para impulsar y agilizar los trámites para el inicio de la actividad empresarial de 24 de mayo de 2013. (actualmente y adoptado)
3. Compromiso de dotar en el proyecto de presupuesto general del ejercicio 2016 el Fondo de Contingencia de ejecución presupuestaria, por una cuantía equivalente al 1 por ciento de sus gastos no financieros.

**Tercero:** Asumir que una vez que haya sido aprobado el plan de ajuste por acuerdo plenario e informado favorablemente por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, adaptado a las proyecciones que figuran en el Anexo I al informe de intervención, implica los siguientes acuerdos:

1. Compromiso expreso de adoptar las medidas previstas en el plan de ajuste para garantizar la estabilidad presupuestaria, límites de deuda y los plazos de pago a proveedores, por un periodo coincidente con el de amortización de la operación de endeudamiento concertada.
2. Compromiso expreso de remitir toda la información que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas considere necesaria para el seguimiento del cumplimiento de este plan de ajuste, así como cualquier otra información adicional que se considere precisa para garantizar el cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria, los límites de deuda pública y las obligaciones de pago a proveedores.

**Cuarto:** Autorizar al interventor municipal para llevar a cabo el proceso telemático de esta solicitud.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. alcalde dá por finalizada a sesión, ás 15:00 horas, de todo o cal como a secretaria dou fe.

O alcalde – presidente  
Ricardo A.M. Sánchez Oroza

A secretaria municipal  
Alejandra Rodríguez Menéndez